



CONVOCATORIA IV CONCURSO FOTOGRAFIA AMATEUR “TRABALLOS E MULLERES” – 2019

A Delegación de Muller e o Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello de Viveiro convocan a IV edición do Concurso de Fotografía Amateur “Traballos e Mulleres” para conmemorar o Día Internacional da Muller traballadora (8 de marzo).

A convocatoria rexerese polas seguintes Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía do día 6 de febreiro de 2019 e publicadas no tablón de edictos e na páxina web do Concello, xunto coa presente convocatoria.

BASES

1ª.- O concurso estará aberto a fotógrafos/as aficionados, non profesionais, que desexen participar e sexan maiores de idade .

2ª.- As obras deberán ser orixinais. Non se aceptarán reproducións nin obras que amosen lendas ou marcas que podan interpretarse, a xuízo do xurado, como publicidade. Tampouco se admitirán fotografías que foran acreedoras de distincións ou premios en outros certames.

3ª.- O tema das fotografías deber ser a Muller e o Traballo en calquera ámbito (público ou privado), para visibilizar o papel feminino en todos os sectores da nosa sociedade.

4ª.- Presentación de UNHA OBRA por persoa participante, en formato dixital, cunha resolución mínima de 2480x1754 e 150 ppp, aínda que o tamaño ideal sería 4961x3508 e 300 ppp.

5ª.- As obras deberán presentarse nun sobre consignando no seu exterior “Concurso de fotografía Traballos e Mulleres”, acompañado da seguinte documentación: ficha de inscrición-autoría cos datos persoais do autor ou autora (nome completo, dirección e teléfono) en sobre pechado e CD que conteña as imaxes dixitais..

6ª.- Os traballos deberán presentarse ou dirixirse ao Centro de Información ás Mulleres de Viveiro (Avda. Cervantes S/N – Claustros San Francisco. 27850 VIVEIRO)

7ª.- O prazo de recepción de orixinais no CIM empezará a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e finalizará na data que se estableza en dita convocatoria anual.



IN
A

MULLER

EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO



CENTRO DE

Avda. Cervantes, s/n 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982 550421-562149 Fax :982563156 Email- cim@viveiro.es

8ª.- Os premios correspondentes ás obras gañadoras estableceranse na correspondente convocatoria.

9ª.- O xurado estará composto por un grupo de persoas relacionadas coa área de cultura e profesionais da fotografía, que valorarán os traballos presentados, tendo en conta a calidade artística dos mesmos.

10ª.- Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) o Concello de Viveiro montará unha Exposición coas obras presentadas e, no momento da clausura de dita Exposición, darase a coñecer a obra gañadora.

11ª.- As imaxes participantes quedarán en propiedade do Concello de Viveiro. As persoas participantes autorizan ao Concello de Viveiro para a exposición, publicación e difusión das súas obras (sempre mencionando ao autor/a), sen limitacións temporais, xeográficas ou de medios.

12ª.- Os/as autores/as deberán contar coa autorización das persoas fotografadas, así como dos dereitos de terceiros.

A organización declina toda responsabilidade que puidera derivar da non obtención dos permisos e autorizacións correspondentes.

13ª.- A organización reservarase o dereito de facer as modificacións oportunas que poidan contribuír ao mellor desenvolvemento do concurso.

14ª.- A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, das decisións do xurado, e a renuncia a calquera reclamación. O xurado poderá deixar deserto o premio se o considerase oportuno.

O **PRAZO** de presentación dos traballos será **ata o 1 de Marzo de 2019**.

Os premios, que se outorgarán consistirán en:

- 1º premio: 300 €
- 2º premio: 150 €
- 3º premio: 100 €

Para máis información, dirixirse ao CIM Viveiro ou nos telefonos 982 55 04 21 – 982 56 21 49



INFORMACIÓN

A
MULLER

EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO



CENTRO DE

Avda. Cervantes, s/n 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982 550421-562149 Fax :982563156 Email- cim@viveiro.es